

UNIDADE DIDÁCTICA - CADA UN COA SÚA ESPECIE

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

# O SABOR DA AVENTURA! ESTÁ NO MAR!

*A AVENTURA SABE A SARDIÑA, A XURELO, A ROTABALLO, A MEXILLÓN, A TROITA, A LIRIO, A PESCAPA...*

*E LOGO A QUE PENSABAS QUE SABÍAS?*



XUNTA DE GALICIA

EDITA: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

LUGAR: Santiago De Compostela

ANO: 2014

D.L.: C 288-2015



## PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica está deseñada para que os alumnos e as alumnas fagan unha procura activa de información sobre as especies de peixes e mariscos que consomen os protagonistas de *“O sabor da ventura está no mar”*, e así, a través da actividade, descubran as súas características, o seu valor nutritivo, etc.

Os principais aspectos do currículo educativo que o profesor ou a profesora pode abordar dende esta unidade son:



## OBXECTIVOS

Céntranse en transmitir aos escolares da Educación Primaria a importancia do peixe e do marisco na dieta en relación coas súas propiedades nutricionais e, por esta razón, promover o seu consumo. Ademais, facer fincapé no coñecemento das especies e no papel que teñen os consumidores coa súa elección para a sostibilidade e a preservación dos recursos mariños. Por último, salienta a importancia económica do sector na nosa Comunidade, tanto polo emprego de profesionais do mar como polo seu volume de negocio.

## COMPETENCIAS BÁSICAS

- \* Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Contidos relativos ao mundo da pesca, do transporte e da preparación dos produtos do mar.
- \* Competencia na comunicación lingüística. Comprensión lectora e expresión escrita.
- \* Tratamento da información e competencia dixital. A través de descargas e enquisas de avaliación en liña.
- \* Competencia cultural e artística. O alumnado desenvolverá a súa creatividade e a súa habilidade artística na representación das especies de peixes e moluscos, e na creación dun slogan publicitario.
- \* Autonomía e iniciativa persoal. Novos coñecementos sobre o valor do mundo do peixe e do marisco que lles permitirá tomar decisións en relación ao seu consumo responsable.

## CONTIDOS CURRICULARES

Aínda que os contidos da unidade didáctica se poden tratar dende o punto de vista das diferentes áreas do coñecemento, recollemos deseguido aqueles relacionados coa área do coñecemento do medio natural, social e cultural por seren os máis directamente conectados coa área de maior implicación.

## CONTIDOS

- \* Recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos.
- \* Valoración positiva dos hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.
- \* Aceptación e práctica das normas sociais referidas á saúde, á hixiene, á alimentación, á protección e á seguridade persoal.
- \* Utilización guiada de claves e guías de animais e plantas para a identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.
- \* Valoración de actuacións que contribúan á conservación do medio e á sostibilidade dos recursos pesqueiros.
- \* Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida no traballo.

## METODOLOXÍA E RECURSOS

Antes do comezo da actividade recoméndase a lectura previa de “*Os Arroases. A súa primeira aventura*”. Pódese descargar na seguinte páxina web:

<http://www.osabordaaventuraestanomar.com/descargas/conto-web.pdf>

O lugar idóneo para o desenvolvemento da actividade é a aula de informática para que os alumnos e as alumnas poidan procurar a información na Rede a partir das páxinas web que se propoñen. Co labor previo de seleccionar e imprimir a información por parte do profesor ou da profesora, a actividade tamén pode realizarse na súa aula.

Deseguido divídese a clase en sete grupos, un por cada especie que consomen os *arroases*: rodaballo, troita, xurelo, pescada, sardiña, lirio e mexillón. A través da información facilitada de cada especie, cada grupo deberá elaborar unha campaña de promoción para o consumo da que lle tocou investigar. Despois cada grupo realizará unha exposición do seu traballo.

Favorecemos unha aprendizaxe activa coa procura de contidos polo propio alumnado, xa que a actividade promove o traballo cooperativo.

## TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

Esta actividade está deseñada para realizarse nunha sesión de 90 minutos. É aconsellable que o alumnado lea previamente o conto “*Os Arroases. A súa primeira aventura*”.

A actividade pode dividirse en catro fases:

1. Fase de procura de información
2. Plasmar a información na “*Ficha de campaña a prol de...*”
3. Transmitir a información nunha breve exposición
4. Debate e reflexión final
5. Avaliación

## PROPOSTA DE ACTIVIDADE

Ficha tipo para cada especie:

Ficha de campaña a prol de ...

Curso:            Data:

Nome dos alumnos e das alumnas do grupo:

Nome común:            Nome científico:

Debuxo divertido da especie:

Características importantes do... (polo menos tres)

Frase breve e orixinal que anime o consumo de...

Principais razóns polas que debemos consumir... (polo menos tres razóns)

## RECURSOS PARA A PROCURA DE INFORMACIÓN DAS DIFERENTES ESPECIES COMERCIAIS

### Busca de información na Rede sobre o rodaballo:

Palabras clave para buscadores na Rede: rodaballo, *Psetta maxima*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

<http://es.wikipedia.org/wiki/Rodaballo>

[www.fao.org/fishery/culturedspecies/Psetta\\_maxima/es](http://www.fao.org/fishery/culturedspecies/Psetta_maxima/es)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/rodaballo>

### Busca de información na Rede sobre a troita:

Palabras clave para buscadores na Rede: *trucha*, troita, *Salmo trutta*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

<http://es.wikipedia.org/wiki/Trucha>

[www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/salmo\\_trutta\\_tcm7-22104.pdf](http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/salmo_trutta_tcm7-22104.pdf)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/trucha>

### Busca de información na Rede sobre o xurelo:

Palabras clave para buscadores na Rede: *jurel*, xurelo, *Trachurus trachurus*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

[http://es.wikipedia.org/wiki/Trachurus\\_trachurus](http://es.wikipedia.org/wiki/Trachurus_trachurus)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/jurel-o-chicharro>



**Busca de información na Rede sobre a pescada:**

Palabras clave para buscadores na Rede: *merluza*, pescada, *Merluccius merluccius*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

[http://es.wikipedia.org/wiki/Merluccius\\_merluccius](http://es.wikipedia.org/wiki/Merluccius_merluccius)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/merluza>

**Busca de información na Rede sobre a sardiña:**

Palabras clave para buscadores na Rede: *sardina*, sardiña, *Sardina pilchardus*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

[http://es.wikipedia.org/wiki/Sardina\\_pilchardus](http://es.wikipedia.org/wiki/Sardina_pilchardus)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/sardina>

**Busca de información na Rede sobre o lirio:**

Palabras clave para buscadores na Rede: *bacaladilla*, lirio, *Micromesistius poutassou*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

[http://es.wikipedia.org/wiki/Micromesistius\\_poutassou](http://es.wikipedia.org/wiki/Micromesistius_poutassou)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/bacaladilla-lirio-o-perlita>

**Busca de información na Rede sobre o mexillón:**

Palabras clave para buscadores na Rede: *mexillón*, mexillón, *Mytilus galloprovincialis*

Páxinas web:

[www.osabordaaventuraestanomar.com](http://www.osabordaaventuraestanomar.com)

[http://es.wikipedia.org/wiki/Mytilus\\_galloprovincialis](http://es.wikipedia.org/wiki/Mytilus_galloprovincialis)

[http://www.fao.org/fishery/culturedspecies/Mytilus\\_galloprovincialis/es](http://www.fao.org/fishery/culturedspecies/Mytilus_galloprovincialis/es)

<http://pescadosymariscos.consumer.es/moluscos>

[www.mexillondeg Galicia.org](http://www.mexillondeg Galicia.org)

## BIBLIOGRAFÍA PARA O EDUCADOR

A continuación figura diversa bibliografía coa que ampliar os contidos sobre as especies tratadas na actividade, así como sobre a vida saudable, a pesca sostible, etc.

### Libros:

- \* *Alimentación sana para niños: come, juega y estarás siempre bien* (En papel) Allan W Walker, Paidós Iberica, 2011 ISBN 9788449325151
- \* *Nutrición y salud*  
Grande Covián, Francisco  
Temas de Hoy, S.A. ISBN 13: 978-84-8460-612-3
- \* *La cocina de la salud*  
Valentín Fuster, Ferran Adriá, Joseph Corbella  
Planeta. ISBN 13:978-84-08-09456-2

### Enlaces:

- \* **O sabor da aventura está no mar.** 2013. Xunta de Galicia. URL:  
<http://www.osabordaaventuraestanomar.com/>
- \* **Pesca de Galicia.** Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia. URL:  
<http://www.pescadegalicia.com/>
- \* **Mexillón de Galicia** [www.mexillondegalicia.org](http://www.mexillondegalicia.org)
- \* **De onde se non?** <http://deondesenon.xunta.es/gl/>
- \* **Ministerio de Agricultura, Pesca y Medio Ambiente**  
<http://www.alimentacion.es>  
[http://www.alimentacion.es/es/zona\\_infantil\\_y\\_educativa/ninos\\_y\\_pescado/receptorio\\_de\\_pescado/default.aspx](http://www.alimentacion.es/es/zona_infantil_y_educativa/ninos_y_pescado/receptorio_de_pescado/default.aspx)
- \* Fundación Española do Corazón. Libros de descarga gratuíta sobre saúde nutricional, peixes e mariscos e dietas sas. Saúde cardíaca.  
<http://www.fundaciondelcorazon.com/nutricion/biblioteca.html>
- \* Instituto Español de Oceanografía  
<http://www.ieo.es>
- \* Slow Food Education  
<http://www.slowfood.com/education/>
- \* **Eroski Consumer.** Peixes e mariscos, un por un. URL:  
<http://pescadosymariscos.consumer.es/>
- \* **Eroski Consumer.** Infografía: Produtos derivados do peixe  
URL:[http://www.consumer.es/web/es/alimentacion/aprender\\_a\\_comer\\_bien/aliamentos\\_a\\_debate/2005/01/10/140180.php](http://www.consumer.es/web/es/alimentacion/aprender_a_comer_bien/aliamentos_a_debate/2005/01/10/140180.php)
- \* **Eroski Consumer.** Infografía: A ruta do peixe: do mar á mesa  
<http://www.consumer.es/web/es/alimentacion/guia-alimentos/pescados-y-mariscos/2009/03/29/184331.php>
- \* Pesca sostible e as súas certificacións:  
[http://www.consumer.es/web/es/medio\\_ambiente/naturaleza/2009/12/03/189492.php](http://www.consumer.es/web/es/medio_ambiente/naturaleza/2009/12/03/189492.php)

### Outros recursos educativos:

- \* **Ponlle as pilas ao teu bocata.** Conservas do mar. Xunta de Galicia. URL:  
<http://www.ponlleaspilasaoteubocata.com/>

## CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN

O profesor ou a profesora poderá, tras rematar a actividade, reunir o alumnado e responder de forma individual ou en grupo este breve cuestionario, que servirá para reforzar os conceptos fundamentais, sobre todo as actitudes dos rapaces e das rapazas.

Agora xa sabes unha morea de cousas sobre os peixes e os mariscos que fixeron que os protagonistas de “Os Arroases” fosen máis áxiles, fortes, enérxicos...

Por se nos queda algunha dúbida responde...

- \* Cres agora, máis que antes, que o peixe é fundamental na túa dieta?
- \* Estás disposto a modificar os teus hábitos alimentarios para obter os beneficios que che dá o peixe?
- \* Saberías dicir tres especies de peixe do mar de Galicia básicos para a túa alimentación?
- \* Que beneficios pode ter para ti comer máis peixe?
- \* Aprendiches algo novo sobre o peixe na dieta que lles poidas contar aos teus pais ou aos teus irmáns?



galicia

